

Acta da Sesión Extraordinaria da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 28 de maio de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 28/05/2025
- II. Asistentes á CGIC do 28/05/2025
- III. Autoinforme de Avaliación de Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

✓ **Validación, se procede, do Autoinforme de Avaliación de Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.**

A Presidenta lembra os aspectos básicos do procedemento de Acreditación Institucional e as vantaxes que supón a obtención. Indica que a actual resolución tiña validez ata xaneiro deste ano polo que procede a súa renovación.

Explica que se debe achegar un autoinforme xunto cunha serie de evidencias e indicadores correspondentes ás titulacións impartidas no centro por un período de 6 anos, centrándose algunhas delas nos últimos 2 cursos. Comenta a estrutura do documento e sinala que no documento están marcados en amarelo as ligazóns pendentes de incluír. Amosa o documento destacando as principais aportacións en cada directriz.

Propón validar o documento delegando na dirección a redacción definitiva (revisión da redacción final corrección de erratas ou posibles erros) e propón que se acheguen propostas de mellora antes da Xunta de Escola para poder aprobar nela a versión definitiva.

Abre unha quenda de intervencións, na que os intervinientes agradecen o traballo realizado polo equipo directivo. A Presidenta agradece o traballo realizado polo coordinador de calidade, Guillermo García, e o apoio de Carmen Romo e a Directora da Área de Calidade da Universidade.

A Comisión aproba o autoinforme por asentimento.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e oito de maio de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 28/05/2025

Asunto: Convocatoria extraordinaria da Comisión de Calidade

Por orde da súa presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha sesión **EXTRAORDINARIA** que terá lugar o día 28 de maio de 2025, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e tratarase o seguinte punto da

ORDE DO DÍA:

1. Validación, se procede, do Autoinforme de Avaliación de Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Vigo, 23 de maio de 2025

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** accederá sala do Campus Remoto como estudiantado coa **contrasinal 1DL6QsL (e1e-De-E1e-De-6-Qu-ese-E1e)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 28/05/2025

Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 28 de maio 2025	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Ana Rodríguez Rodríguez	Representante do Máster EM
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade
Raquel Pérez Orozco	Representante do PDI
Pablo Eguía Oller	Representante dos departamentos con sede no centro
M ^a Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
María Araújo Fernández	Representante do Máster XSA

ANEXO III

Autoinforme de Avaliación de Acreditación Institucional da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía